

MANIFESTO CIG

EN DEFENSA DOS SALARIOS, DO EMPREGO E DOS SERVIZOS PÚBLICOS

PARECÍA PREMONITORIO, CANDO DENDE A CIG E OUTRAS ORGANIZACIÓNS INTEGRADAS NA PLATAFORMA POLA DEFENSA DOS SERVIZOS PÚBLICOS CONVOCAMOS UNHA MANIFESTACIÓN EN DEFENSA DOS SERVIZOS PÚBLICOS O PASADO 25 DE ABRIL EN COMPOSTELA, QUE ALGO GRAVE ÍA CAER ENRIBA DAS NOSAS CABEZAS.

O PASADO XOVES, DÍA 27 DE MAIO, O PARLAMENTO DO ESTADO APROBOU (POLA EXIGUA DIFERENZA DE UN VOTO) O REAL DECRETO-LEI DE MEDIDAS DE REDUCIÓN DO DÉFICIT PÚBLICO.

ESTAS MEDIDAS VAN SUPOÑER:

- CONXELACIÓN DAS PENSÍONS.**
- RECORTES PARA ACCEDER Á XUBILACIÓN PARCIAL.**
- RECORTES NOS GASTOS SOCIAIS PARA ACCEDER A PRESTACIÓNS DERIVADAS DA LEI DE DEPENDENCIA.**
- LIMITACIÓN DA CAPACIDADE DE ENDEBEDAMENTO DAS CORPORACIÓNS LOCAIS PARA 2011.**
- DIMINUCIÓN NAS RETRIBUCIÓNS DAS EMPREGADAS E EMPREGADOS PÚBLICOS NO 5% DA MASA SALARIAL.**

A CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA, XA VÉN AMOSANDO A SÚA TOTAL OPOSICIÓN A ÉSTAS MEDIDAS DENDE O ANUNCIO FEITO NO PARLAMENTO ESTATAL POLO PRESIDENTE DO GOBERNO O PASADO MÉRCORES, 12 DE MAIO.

PARA AMOSAR PUBLICAMENTE O NOSO REXEITAMENTO A ESTAS MEDIDAS XA CONVOCAMOS:

-CONCENTRACIÓNS NAS SETE CIDADES GALEGAS O PASADO DÍA 20 DE MAIO, NA QUE TRES MILLEIROS DE PERSOAS SECUNDARON A NOSA CONVOCATORIA.

-CONCENTRACIÓN DE DELEGADAS E DELEGADOS O DÍA EN QUE FORON APROBADAS AS MEDIDAS (O 27 DE MAIO) DIANTE DA DELEGACIÓN DO GOBERNO NA CORUÑA.

-O DÍA DE HOXE (2 DE XUÑO), TEMOS CONVOCADO ESTAS CONCENTRACIÓNS DIANTE DOS CENTROS DE TRABALLO.

-FOLGA NA FUNCIÓN PÚBLICA PARA O VINDEIRO MARTES, 8 DE XUÑO.

-MANIFESTACIÓNS CIDADÁS EN DEFENSA DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA E CONTRA OS RECORTES SOCIAIS DO GOBERNO O VINDEIRO 17 DE XUÑO, NAS CIDADES.

-COMPROMISO DE TRABALLARMOS CONXUNTAMENTE COAS DEMAIS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS PARA A CONVOCATORIA DUNHA FOLGA XERAL PARA FACER RECUAR AO GOBERNO NAS AGRESIÓNS CONSUMADAS CONTRA A CLASE TRABALLADORA.

A APLICACIÓN DESTAS MEDIDAS SUPOÑEN:

-UN DETERIORO DAS CONDICIÓNS DE VIDA DAS EMPREGADAS E EMPREGADOS PÚBLICOS E TAMÉN DOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DO SECTOR PRIVADO, PENSIONISTAS, DEPENDENTES, ETC.

-UN CONSIDERABLE AUMENTO DA FENDA EXISTENTE ENTRE A CLASE TRABALLADORA E OS QUE REPRESENTAN AOS PODERES ECONÓMICOS.

-UN RETROCESO DA SITUACIÓN ECONÓMICA, POLO IMPACTO NEGATIVO DESTAS MEDIDAS NO CONSUMO E NA ACTIVIDADE PRODUCTIVA.

EN CONCLUSIÓN VAN SER UNHAS MEDIDAS QUE DETERIORAN AS NOSAS CONDICIÓNS DE VIDA E TRABALLO, AUMENTAN AS DIFERENCIAS SOCIAIS ENTRE OS MAIS RICOS E OS MAIS POBRES, SUPOÑEN UN PASO ATRÁS NO PROGRESO SOCIAL E FAVORECEN UNHA MAIOR INESTABILIDADE NA SOCIEDADE.

QUEREMOS TAMÉN FACER UN CHAMADO Á DEFENSA DA DIGNIDADE DAS EMPREGADAS E EMPREGADOS PÚBLICOS, QUE PRESTAMOS UNS SERVIZOS ÚTEIS E NECESARIOS PARA A SOCIEDADE, NON PODENDO CONSENTIR QUE O GOBERNO DE TURNO NOS TOME COMO CABEZA DE TURCO PARA PAGAR AS CONSECUCIÓNS DUNHA CRISE QUE NON PROVOCAMOS; E SE NON HAI UNHA RESPOSTA CONTUNDENTE NA CONVOCATORIA DE FOLGA DO DÍA 8, QUÉN SABE SE NON SEGUIRÁN OS RECORTES.

POR ESO FACEMOS UN CHAMADO Á PARTICIPACIÓN ACTIVA DE TODAS E TODOS NA CONVOCATORIA DE FOLGA DO DÍA 8 E A PARTICIPARMOS NAS MANIFESTACIÓNS CONVOCADAS POLA CIG.

PARA O DÍA DA FOLGA TEMOS CONVOCADAS MANIFESTACIÓNS NAS SETE CIDADES, ÁS 11,30 HS., QUE SAIRÁN DENDE:

**A CORUÑA
LUGO
OURENSE
PONTEVEDRA
VIGO
COMPOSTELA
FERROL**